

RESOLUCIÓN REITORAL DO 21 DE ABRIL DE 2022 POLA QUE SE CREA A OFICINA NEXT GENERATION EU DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Para contribuír á reparación dos danos económicos e sociais provocados pola pandemia de coronavirus, iniciar a recuperación europea e preservar e crear emprego, a Comisión Europea propuxo o 27 de maio de 2020 un importante plan de recuperación para Europa baseado no aproveitamento do pleno potencial do orzamento da Unión Europea (UE).

O 21 de xullo de 2020, os/as líderes da UE alcanzaron o acordo sobre este plan de recuperación e sobre o marco financeiro plurianual 2021-2027, marcaron o camiño cara ao final da crise e sentaron as bases para unha Europa moderna e máis sustentable.

A maioría das medidas de recuperación propostas estarán impulsadas por Next Generation EU (NGEU), o novo instrumento temporal de recuperación que presenta unha capacidade financeira de 750 000 millóns de euros.

Next Generation EU (NGEU) descansa en tres piares:

- Instrumentos para apoiar os esforzos dos estados membros por se recuperar, reparar os danos e saír reforzados da crise.
- Medidas para impulsar o investimento privado e apoiar as empresas en dificultades.
- Reforzo dos programas chave da UE para extraer ensinanzas da crise, facer que o mercado único sexa máis forte e resiliente, e acelerar a dobre transición ecolóxica e dixital.

Na súa reunión do 27 de abril de 2021, o Consello de Ministros, en cumprimento do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, adoptou un Acordo polo que se aproba o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, para a súa remisión á Comisión Europea.

E, mediante as ordes do Ministerio de Facenda 1030 e 1031, do 29 de setembro (BOE núm. 234, 30/09/2021) configúrase o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e establécese o procedemento e formato da información que deben proporcionar as entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Todas as circunstancias expostas inflúen, motivan e condicionan en gran medida a actividade burocrática e investigadora da Universidade da Coruña (UDC). Por esta causa, os días 3 e 4 de novembro de 2021, organizáronse no Paraninfo desta universidade as primeiras Xornadas Informativas sobre os Fondos Next Generation EU (NGEU) e publicáronse a Declaración

Código Seguro De Verificación	f/D0wV/HpHg9QWjFYCt1DQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	21/04/2022 14:44:27
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/f/D0wV/HpHg9QWjFYCt1DQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Institucional e o Código de Conduta da UDC e, aprobose, no seu Consello de Goberno do 25 de xaneiro de 2022, o Plan de medidas antifraude da UDC.

Así pois, procede que a UDC se dote dunha dependencia que realice a dobre función de informar a comunidade universitaria e coordinar as súas actuacións no que se refire ás cuestións relativas aos Fondos Next Generation EU (NGEU), por tanto,

RESOLVO

Primeiro. Crear a Oficina Next Generation EU da UDC.

Segundo. Que a Oficina Next Generation EU da UDC forme parte da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI), dependente organicamente da Xerencia e funcionalmente da Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia.

Esta oficina estará encargada da coordinación e do asesoramento técnico na tramitación, xestión e xustificación a nivel da UDC dos proxectos, contratos e convenios realizados na Universidade en relación con estes fondos.

Terceiro. Crear o Equipo de Coordinación coa finalidade de realizar o seguimento da execución das axudas. Este equipo estará formado por: xerente/a, vicexerentes/as, vicerreitor/a con competencias en materia de investigación e vicerreitor/a con competencias en materia de economía.

Cuarto. Que o xerente e o vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia ditén as instrucións que cumpra en desenvolvemento desta resolución.

Quinto. Que esta resolución se publique no taboleiro electrónico oficial (TEO) da UDC e entre en vigor o día da súa publicación. Con posterioridade á súa entrada en vigor, mediante unha resolución da Xerencia e da Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia, poderase aprobar un protocolo para o seu desenvolvemento.

Asinado electronicamente polo reitor da Universidade da Coruña

Código Seguro De Verificación	f/D0wV/HpHg9QWjFYCt1DQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	21/04/2022 14:44:27
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/f/D0wV/HpHg9QWjFYCt1DQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

